

De Regreso

Os máis novos estaban fóra todo o ano e tan só viñan para as festas. Este tipo de festas adoitaban durar dous ou tres días. Eu despois do pregón tívenme que ir para a miña vila e seguir coas miñas rutinas.

Mentres tanto, as festas de “San Brais” remataron e todos aqueles que viñeran para disfrutar delas, facían o seu regreso e despedíanse dos seus coñecidos e familiares.

A vila quedou baleira, só quedaba aquela xente de sempre, a cal quedou moi contenta cos seus, que viñeran de fóra e tamén abraiados co discurso do pregón. A verdade é que como era unha vila moi pequena e afastada nunca escoitaran un así.

Pasaron os días, meses e a xente xa estaba preparando de novo a próxima festa, pero desta vez con pregón incluído nos seus carteis. Os máis novos que estaban fóra, botábanlle unha man, con moitas novas.

Uxía Barbosa Alonso 1ºD